

“CONVENIO ENTRE O MUNICIPIO DE MAIA E O CONCELLO DE LUGO PARA A PARTICIPACION NOS XIV XOGOS DO EIXO ATLÁNTICO

No ámbito das actividades deportivas do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, o municipio de Maia organiza o evento deportivo XIV Xogos do Eixo Atlántico, cuxa candidatura foi aprobada na reunión da Comisión Executiva que se realizou no día 29 de maio de 2020 en formato virtual.

Tendo en conta que o Concello de Lugo é membro da asociación do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular segundo escritura de constitución de 28 de setembro de 1992, participará na XIV edición dos Xogos do Eixo Atlántico, que terán lugar na cidade de Maia entre os días 4 e 8 de Xullo de 2022.

A participación do Concello de Lugo materialízase no desprazamento dunha delegación de deportistas, técnicos municipais e técnicos deportivos, durante os días en que transcorren os XIV Xogos do Eixo Atlántico, o que supón a súa estancia integral na cidade de Maia.

Así,

Dunha parte o Municipio de Maia co número de identificación fiscal 505387131, con sede na Praza Doctor José Vieira de Carvalho do Municipio, representada neste acto polo Presidente da Cámara Municipal de Maia, na persoa de Dr. Engenheiro António Domingos da Silva Tiago.

De outra parte, Don Mauricio Repetto Morbán, con DNI número 34317604V, en nome e representación do Excmo. Concello de Lugo, con NIF P-2702800-J, e domicilio en Praza Maior s/n, actuando en calidade de Concelleiro de Xuventude e Deportes, conforme ás atribucións que lle son outorgadas polos artigos 124 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, e en virtude da delegación de competencias segundo o Decreto 2973/2021 de 16 de abril de 2021, do Libro Único de Resolucións.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas competencias e formalizan o presente Convenio de acordo coas seguintes cláusulas:

Primeira. **Obxecto**

O presente convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre as ditas entidades e establecer as condicións polas que se materializará dita colaboración no evento deportivo XIV Xogos do Eixo Atlántico.

Segunda. **Obrigas do Municipio de Maia**

1. Adquirir e/ou garantir os seguintes bens e servizos necesarios para a participación do Concello de Lugo nos XIV Xogos do Eixo Atlántico:

SECCIÓN DE DEPORTES

MRM/ilc

Refª: convenio_eixo_atlantico

Asunto: Convenio Eixo Atlántico 2022

1.a Asegurar o aloxamento á comitiva do municipio, durante o período de vixencia dos XIV Xogos do Eixo Atlántico.

1.b Dispoñer do transporte para os desprazamentos da delegación do Concello de Lugo entre o local do aloxamento e os locais de competición, dentro da cidade de Maia.

1.c Dispensar a alimentación ós participantes, nomeadamente comidas e ceas, nos locais designados polo municipio de Maia.

1.d Dispor dos aloxamentos para durmida necesarios para todos os membros da delegación do Concello de Lugo incluído o almorzo.

1.e Dispor dos servizos de lavandería diaria dos equipamentos de competición e a súa entrega previa a competición do día seguinte.

Terceira. Obrigas do Concello de Lugo

1. Pagar o valor fixado para a estancia completa de todos os participantes da súa delegación. O referido montante é de 45 euros (Corenta e cinco euros) por persoa e día IVE incluído á taxa legal en vigor, para a participación no evento citado na cláusula primeira.
2. Unha vez determinado o número total de participantes do Concello de Lugo, deberá este realizar o pagamento do valor referido no número anterior, polos días das estancias da delegación unha vez emita o municipio de Maia o documento económico co importe total do custo persoas durante 4 días completos que ascende á cantidade máxima de **Total hospedaxe 18.810,00 euros**.
3. A realización do pagamento realizarase segundo os trámites e prazos administrativos correspondes do Concello de Lugo.
4. Cumprir todas as regras presentes no regulamento ben como as orientacións dadas pola organización dos XIV Xogos do Eixo Atlántico.

Quarta. Vixencia

O presente protocolo entrará en vigor despois da súa sinatura e ata á finalización do evento o 8 de xullo de 2022.

Quinta. Comisión de Seguimento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de



interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento a Alcaldesa-Presidenta do Excmo Concello de Lugo.

As partes comprométense a resolver de xeito amizoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Sexta . **Modificación**

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Sétima . **Extinción e efectos**

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación dos mesmos, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52.2 da amentada Lei 40/2005 (LRXSP).

Oitava. **Carácter Administrativo**

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa. Así mesmo non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Como proba de acordo nos seus termos asinan o presente convenio, en exemplar duplicado.

Dr. Engenheiro Dn. António Domingos da Silva Tiago

SECCIÓN DE DEPORTES
MRM/ilc
Ref^a: convenio_eixo_atlantico
Asunto: Convenio Eixo Atlántico 2022

Presidente Concelleiro

Município de Maia

Concello de Lugo

En Lugo a data da sinatura dixital".

ANTONIO
DOMINGOS DA
SILVA TIAGO

Assinado de forma digital
por ANTONIO DOMINGOS
DA SILVA TIAGO
Datos: 2022.07.12 19:05:48
+01'00'

Firmado por MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN - ***1760** el día 07/07/2022 con un certificado emitido por AC CAMERFIRMA FOR NATURAL PERSONS - 2016